

# **Catequese** Comeza Na Casa   
... **E CONTINÚA NA PARROQUIA**



Catequese de Galicia

Curso 2021-22

Presentación do curso



# CARTEL e LEMA

---

Lema: “... e continúa na parroquia”,

No ano pasado a situación de pandemia provocada polo COVID-19 obrigounos a trasladar gran parte da actividade catequística ás *casas*; o que nos permitiu redescubrir o fogar como o primeiro ámbito de crecemento e maduración da fe, e aos pais como os primeiros catequistas dos seus fillos.

Cumpríase así o lema do noso curso: “#A Catequese Comeza na Casa”. En primeiro lugar, porque na casa e na familia é onde se inician realmente os procesos de fe. Pero tamén, porque era necesario que a catequese comezase a realizarse nas casas para evitar un “parón” total da mesma, visto que nas parroquias non sempre era posible facelo.

Este curso 2021-22 o lema elixido, “... e continúa na parroquia”, quere situarse en continuidade co curso pasado nun dobre sentido:

- indica a necesidade de dar unha continuidade parroquial ao proceso de maduración e desenvolvemento na fe comezado na casa;
- mostra a esixencia de que, a pesar do “parón” sufrido o ano pasado, a actividade catequística ordinaria hase de continuar desenvolvendo nas parroquias e comunidades.

Este propósito de “continuar” a catequese nas parroquias implica:

- que se prosiga e non se abandone a experiencia da catequese nas casas e que, á vez, se retome con normalidade e alegría o ritmo parroquial, pois a catequese é imprescindible para a vida das comunidades;
- que sigamos empregando os medios telemáticos e dixitais, pero que de modo especial reforcemos progresivamente a presencialidade comunitaria tanto para a catequese como para as celebracións.

Finalmente, continuar a actividade catequizadora nas parroquias é unha oportunidade para insistir nalgúns aspectos importantes que recolle o novo *Directorio para a catequese* (DC 2020):

- recorda a súa dimensión comunitaria: porque “toda a comunidade cristiá é responsable do ministerio da catequese” (DC 111). Ademais, “a comunidade cristiá é a orixe, lugar e meta da catequese” (DC 133);

- subliña a importancia da catequese de adultos para as parroquias, xa que esta é “a forma principal de catequese, á que todas as demais [...] dalgún xeito se ordenan. Isto implica que a catequese das outras idades debe tela como punto de referencia” (DC 77);
- mostra, finalmente, a importancia do grupo *de catequistas* “como lugar de comunión e de corresponsabilidade, necesario para unha auténtica formación” (DC 116) e para a realización da tarefa catequizadora (cf. DC 134).

## Cartel

O elemento central e destacado do cartel é un grupo de persoas alegres, nenos e maiores, reunidas en torno á porta da parroquia, onde Xesús dálles a “Benvida á súa casa” xuntamente co sacerdote e os catequistas.

Esta imaxe subliña a imprescindible dimensión comunitaria da catequese e a consecuente necesidade de regresar á vida parroquial para participar nela. E mostra a alegría que produce o reencontro, o gozo de reunirmos en comunidade e de sentirnos Igrexa.

Vexamos os principais elementos do cartel e o seu significado:

### **Cristo**

O cartel destaca a figura de Cristo, que convoca e acolle aos nenos e ás súas familias, invitando a todos eles a entrar na parroquia:

- *Cristo*: é o centro da catequese e da vida parroquial (*dimensión cristolóxica*);
- *Campá*: Cristo convócanos cada semana a atoparnos con El.

### **A comunidade parroquial**

Representada coas portas abertas, a campá, e un cartel de benvida.

Tras o confinamento, os cristiáns e a “Igrexa doméstica” (as familias), que se confinaron nas súas casas, regresan á parroquia, a “casa común” de todos os crentes.

Sublíñase así a relación entre a familia e a parroquia; a catequese comeza nas casas (*Igrexa doméstica*) e necesita que se continúe na igrexa parroquial, a “casa da catequese”.

## **Párroco e catequistas**

Detrás de Cristo atópanse os catequistas e o párroco para acoller aos nenos e facer xuntos un camiño de fe.

O ano pasado pedíuselles ás familias que se convertesen nos “catequistas dos seus fillos” na casa. Este curso os “catequistas parroquiais”, ademais de apoiar ás familias, darán continuidade a esa “primeira catequese” nas casas coa “catequese parroquial e comunitaria”.

## **Grupo de nenos e nais-pais-avós alegres**

O grupo máis numeroso está constituído polos catequizandos que, acompañados das súas familias, acoden á cita semanal da catequese. Esta escena mostra que os pais e os avós non só son responsables activos da catequese dos seus fillos; tamén eles están chamados a realizar un camiño de fe e a participar da catequese de adultos nas súas parroquias.

Os vestidos de cores queren destacar “a alegría de atoparse e reunirse de novo” como comunidade de fe.

As máscaras indican que ata que non se controle a pandemia, as nosas reunións semanais terán que seguir as medidas de seguridade sanitarias.

## **Infografía do Ano santo compostelán e curso catequético 2021-22**

O noso ano catequístico 2021-22 está marcado polas medidas sanitarias debidas ao COVID-19. Pero tamén o está polo anuncio do Ano de Graza (santidade) e de misericordia (conversión-perdón) do Xubileo Compostelán (alegría). Un evento que nos axudará a vivir con xúbilo, gozo e alegría, o noso retorno á comunidade e a continuidade parroquial da catequese.

# Algúns retos propostos á catequese na actualidade segundo o “Directorio para a catequese”

---

- 1.** Presentar a fe cristiá no seu “corazón”, na súa “esencia” (Cf.: 2):
  - a. como algo “belo” e “atractivo” (Cf.: 230), “desexable” (Cf.: 84),
  - b. que enche á persoa de “alegría” (Cf.: 229), “gozo profundo” e “novo resplandor” (Cf.: 175).
  - c. que outorga á vida humana “plenitude”, “perfección”, “fecundidade” (Cf.: 15, 84, 172) e á sociedade “liberación e promoción” (Cf.: 173).
  
- 2.** Confiar plenamente no Señor que non cesa de falar e actuar no mundo de hoxe:
  - a. No corazón dos catequizandos, aínda antes de anunciarlles explicitamente o Evanxeo (Cf.: 23, 33, 50).
  - b. En toda persoa humana, na que sementou o desexo de encontralo (Cf.: 38, 197).
  - c. No mundo e na historia actual, en quen depositou signos da súa voz e a súa presenza (Cf.: 5, 42, 324, 326, 349).
  
- 3.** Promover o “encontro persoal con Cristo” como centro de toda catequese:
  - a. Vivir a experiencia dun diálogo e relación con Cristo que involucre “o corazón, a mente e os sentidos” (Cf.: 76).
  - b. Camiñar cara á “comunión” e “intimidade” con el (Cf.: 75), cara a un “sentir, pensar e actuar” como el (Cf.: 77).
  - c. Comprender a mensaxe cristiá como “presentar a Cristo e todo o demais en referencia a el” (169).
  
- 4.** Aprender a arte de “acompañar” ao catequizando no seu camiño de maduración na fe:
  - a. Proximidade e amizade, (Cf.: 135), comunicación auténtica e “estilo dialoxal” (Cf.: 54), relación de reciprocidade (Cf.: 197, 303).
  - b. Adaptación á súa personalidade, a súa situación de partida, o seu ritmo de crecemento (Cf.: 50, 113).
  - c. Respecto á súa liberdade (Cf.: 18-19, 53) e o seu protagonismo na acollida da fe e do proxecto de Deus sobre el (Cf.: 242, 245, 247, 272, 288).

- 5.** Comprender no seu significado existencial a linguaxe propia da fe (Cf.: 204-205) e buscar novas formas de expresión, “adequadas”, “elocuentes”, significativas (Cf.: 206, 406).
- a. Narrar con palabras vivas a historia da salvación, que é tamén toda historia humana (Cf.: 145, 207-208).
  - b. Contemplan a arte e a beleza, para abrir o corazón á bondade e fermosura de Deus (Cf.: 106-109, 209-212).
  - c. Abrirse ao mundo dixital, para facer presente o Evanxeo e ofrecer un acompañamento personalizado ao catequizando (Cf.: 213-217, 370-372).

**Estes retos implican á catequese en todos os seus elementos: a organización e o enfoque dos contidos, a pedagogía e o método, o estilo educativo do catequista e as súas relacións co grupo de catequizandos, as actividades, os medios e recursos, o espazo, os tempos...**

## CELEBRACIÓN

---

### MONICIÓN DE ENTRADA

Este día somos convocados polo Señor nesta celebración especial dedicada ás persoas que van ser enviadas como catequistas dos nenos e xoves da nosa comunidade parroquial.

Neste último ano descubrimos que a catequese parroquial desenvolveuse, polas dificultades creadas polo COVID-19, sobre todo no contexto familiar. Por iso celebramos agora, como di o lema deste curso, que “*a catequese continúa na parroquia*”.

Ser catequista é un labor moi importante dentro dunha comunidade cristiá, recoñecido como un ministerio na Igrexa. E son os catequistas quen dan continuidade á educación na fe iniciada na casa.

Estes catequistas aquí presentes mostráronse dispostos a aceptar o compromiso de servir á nosa comunidade. Alegrámonos pola súa decisión e damos grazas pola súa misión, á vez que pedimos ao Espírito Santo que lles dea forzas na misión que hoxe comezan.

## PEDIMOS PERDÓN

En moitas ocasións non respondemos á fidelidade e entrega porque non somos fieis ao que Xesús espera de nós. Por iso pedimos o seu perdón ao comezar esta celebración:

— Perdón Señor por non responder ás túas chamadas. *Señor, ten piedade...*

— Perdón Señor polas nosas faltas de compromiso. *Cristo, ten piedade...*

— Perdón Señor pola nosa preguiza e desgana para facer medrar o teu Reino entre os irmáns. *Señor, ten piedade...*

## ORACIÓN DOS FIEIS

1. **Pola Igrexa**, presente en todo o mundo, para que non cese no seu empeño por anunciar o Evanxeo. **ROGUEMOS AO SEÑOR...**
2. **Pola actividade misioneira da nosa Parroquia**, para que sexamos fieis transmisores do Evanxeo. **ROGUEMOS AO SEÑOR...**
3. **Polos nosos catequistas**, que aceptaron con xenerosidade a invitación que Deus lles fixo por medio da parroquia, para que sexan auténticas testemuñas de Xesús no medio dos nenos e os mozos. **ROGUEMOS AO SEÑOR...**
4. **Para que a catequese sexa un gran fogar** onde se viva o espírito de amizade e traballo. **ROGUEMOS AO SEÑOR...**
5. **Por todos os que nos reunimos hoxe aquí**, para que o Señor esperte e sosteña a responsabilidade na obra da evanxelización e da catequese. **ROGUEMOS AO SEÑOR...**

## Envío dos catequistas

### CHAMADA E PRESENTACIÓN

Antes de rematar a nosa celebración, van ser chamados os que exercerán o ministerio da catequese na nosa parroquia.

*O sacerdote vai chamando polo nome aos catequistas, que irán facendo un semicírculo diante do altar.*



## COMPROMISO DOS CATEQUISTAS

EU.....(nome do catequista)....., QUERO COLABORAR CON XESÚS NA CONSTRUCCIÓN DO REINO DE DEUS, LEVANDO A MENSAXE DE SALVACIÓN NESTA COMUNIDADE. QUERO COMPROMETERME A SER CATEQUISTA.

ASUMO CON ALEGRÍA ESTA RESPONSABILIDADE SENDO CONSCIENTE DE QUE SON COLABORADOR NO PROCESO DE FE, O QUE SUPORÁ GOZOS E DIFICULTADES.

QUE A INTERCESIÓN DA VIRXE MARÍA ME AXUDE A REALIZAR ESTA MISIÓN QUE XESÚS E A IGREXA ME CONFÍAN.

AMÉN

## ORACIÓN

Señor Deus, dirixímonos a Ti, fonte de luz e bondade, que mandaches ao teu Fillo, Palabra de vida, para revelarnos o Misterio do teu Amor; bendí e acompaña a estes membros da nosa parroquia, elixidos para o ministerio da catequese. Axúdalles a meditar a túa Palabra, para que a anuncien con fidelidade aos seus irmáns.

Por Xesucristo, o noso Señor.

## BENDICIÓN

*Sacerdote:*

— O Señor estea no voso corazón e nos vosos beizos, para que poidades anunciar dignamente o seu Evanxeo.

- *Todos: Amén.*

— Que María, Nai e modelo dos catequistas, vos acompañe coa súa protección...

- *Todos: Amén.*

— Ide e ensinade o que o Señor nos mandou, e a todos os presentes vos bendiga Deus Todopoderoso, Pai, Fillo e Espírito Santo.

- *Todos: Amén.*

# Materiais catequéticos

NENOS/AS 6-7 anos		
Catecismo <b>“Mi encuentro con el Señor”</b>	CEE	Castelán
Libro de actividades <b>“Espertamos á fe”</b>	Secret. Galicia	Galego/Castelán
Guía pedagóxica <b>“Despertamos a la fe”</b>	Secret. Galicia	Castelán
NENOS/AS 7-9 anos		
Catecismo <b>“Xesús é o Señor”</b>	CEE	Galego/Castelán
Libro de actividades 1º ano <b>“Creo en Xesús”</b>	Sc. Galicia/PPC	Galego/Castelán
Libro de actividades 2º ano <b>“Creo en Xesús”</b>	Sc. Galicia/PPC	Galego/Castelán
Guía pedagóxica 1º e 2º ano <b>“Creo en Xesús”</b>	Sc. Galicia/PPC	Castelán
PREPARACIÓN INTENSIVA 1ª COMUÑÓN		
Carpeta de actividades <b>“Camiñamos ó encontro de Xesús”</b>	Secret. Galicia	Galego/Castelán
Guía pedagóxica <b>“Camiñamos ó encontro de Xesús”</b>	Secret. Galicia	Galego/Castelán
POSTCOMUÑÓN (10-14 anos)		
Catecismo <b>“Testigos del Señor”</b>	CEE	Castelán
Libro de activ. 1º <b>“La Verdad que nos hace libres”</b>	Sc. Galicia/PPC	Castelán
Guía pedagóxica 1º	Sc. Galicia/PPC	Castelán
Libro de activ. 2º <b>“El Camino que conduce al Padre”</b>	Sc. Galicia/PPC	Castelán
Guía pedagóxica 2º	Sc. Galicia/PPC	Castelán
Libro de activ. 3º <b>“La Vida que nos colma de alegría”</b>	Sc. Galicia/PPC	Castelán
Guía pedagóxica 3º	Sc. Galicia/PPC	Castelán
Libro de activ. 4º <b>“Somos testigos del Señor”</b>	Sc. Galicia/PPC	Castelán
Guía pedagóxica 4º	Sc. Galicia/PPC	Castelán

Libro 1: “A Alianza de Deus conosco”	Sc. Galicia/PPC	Galego/Castelán
Libro 2: “Deus dános unha nova vida”	Sc. Galicia/PPC	Galego/Castelán
Libro 3: “O Reino de Deus”	Sc. Galicia/PPC	Galego/Castelán
Guía Pedagóxica dos libros 1, 2 e 3	Sc. Galicia/PPC	Castelán
<b>CONFIRMACIÓN</b>		
“El don del Espíritu” (preparación para la Confirm.)	Sc.Galicia/PPC	Castelán
Guía pedagóxica	Sc.Galicia/PPC	Castelán
“Confirmados na fe” 1 e 2	Sc.Galicia/PPC	Galego/Castelán
Guía pedagóxica	Sc.Galicia/PPC	Castelán
“Camino de fe” (para a confirmación de adultos)	Sc.Galicia/PPC	Castelán
<b>CATEQUISTAS</b>		
“Escola de catequistas 1” (12 temas Cat. Fundamental)	Secret. Galicia	Galego/castelán
<b>FAMILIA</b>		
“O bautismo do noso fillo” (5 temas prebautismais)	Secret. Galicia	Galego/castelán
Guía pedagóxica “O bautismo do noso fillo”	Secret. Galicia	Galego/castelán
“O despertar relixioso” (3 temas para a familia)	Secret. Galicia	Galego/castelán
“Iniciación na fe” (3 temas para pais dos nenos 6-7 anos)	Secret. Galicia	Galego/castelán
“Encontro con Xesús” (3 temas pais nenos 7-9 anos)	Secret. Galicia	Galego/castelán
“Iniciación sacramental” (5 temas pais de 1ªComuñón)	Secret. Galicia	Galego/castelán
Guía pedagóxica dos folletos anteriores	Secret. Galicia	Castelán
<b>COLECCIÓN “EN FAMILIA”</b>		
“Para orar... en familia”	Secret. Galicia	Galego/castelán
“O Credo... en familia”	Secret. Galicia	Galego
“Os Mandamentos... en familia”	Secret. Galicia	Galego
<b>AUDIOVISUAIS</b>		
Vídeos e outros materiais en <a href="http://recursos.catequesisdeg Galicia.com">recursos.catequesisdeg Galicia.com</a>		



[www.catequesisdegalicia.com](http://www.catequesisdegalicia.com)  
[recursos.catequesisdegalicia.com](http://recursos.catequesisdegalicia.com)